



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMARIÑAS

Modificación de Ordenanzas fiscais: Ordenanza fiscal nº 14 da taxa do cemiterio

ANUNCIO

APROBACIÓN PROVISIONAL DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 14 REGULADORA DA TAXA ESTABLECIDA PARA O CEMITERIO MUNICIPAL.

O Pleno do Concello de Camariñas, en sesión ordinaria celebrada o 28 de maio de 2025 adoptou o acordo de aprobar provisionalmente a modificación da Ordenanza Fiscal nº 14 reguladora da taxa establecida para o cemiterio municipal.

De todo o cal, exponse ao público o anterior acordo mediante anuncio que se inserirá no taboleiro de anuncios municipal durante o prazo de trinta días hábiles, a contar desde o seguinte ao de publicación do devandito anuncio no Boletín Oficial da Provincia, dentro do cal os interesados poderán examinar o expediente e presentar as alegacións que estimen oportunas.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica desta entidade

Considerar, no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base ao artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

En Camariñas, a 29 de maio de 2025

A Alcaldesa:

Asdo: Sandra Insua Rial

2025/3521